

Breakfast Run Solidario “Corre con ~~calma~~”

REGULAMENTO XERAL

ARTIGO 1 – Data

O Concello da Coruña e a Asociación de Dano Cerebral da Coruña (ADACECO) organizan o próximo 1 de outubro de 2022 na Coruña o Breakfast Run, integrado no programa de eventos do Maratón Atlántica Coruña42.

ARTIGO 2 – Horario

A proba non competitiva celebrarase ás 09.30 h con saída e chegada no paseo do Parrote.

ARTIGO 3 – Percorrido

O Breakfast Run terá a saída e a chegada na zona do Parrote e decorrerá polo paseo Marítimo cara á Torre de Hércules, sempre por zona peonil sen interrupción do tráfico.

ARTIGO 4 – Ritmos

Estableceranse 2 ritmos de carreira: trote lixeiro, trote suave e un de marcha, de forma que se crearán 3 grupos, dirixidos por un guía que marcará cada un deses ritmos.

ARTIGO 5 – Chegada á meta

Os 3 grupos de ritmos efectuarán a súa entrada na liña de meta ao mesmo tempo, de modo que na parte final do percorrido sumaranse os e as participantes da marcha, para realizar a chegada conxunta.

ARTIGO 6 – Inscricións

A inscrición da proba efectuarase a través da web www.championchipnorte.com.

O custo simbólico da inscrición é de 1 € para os participantes rexistrados na carreira do Maratón Coruña42 e de 2 € para o resto de corredores e corredoras. O importe íntegro da inscrición doarase a ADACECO.

O número de prazas está limitado a 750 participantes, das que 50 prazas están reservadas a membros de ADACECO.

ARTIGO 7 – Entrega de dorsais e pulseiras

A entrega de dorsais e pulseiras realizarase o venres en Exporunning, localizado no Palacio de Exposicións e Congresos - PALEXCO, no seguinte enderezo: Peirao de Transatlánticos, s/n, 15003 A Coruña, e o sábado no paseo do Parrote.

Días e horarios:

- Venres 30 de setembro en horario de apertura de Exporunning de **17.00 a 21.30 horas**.
- Sábado 1 de outubro no paseo do Parrote, no posto habilitado para tal efecto, de **08.00 a 09.00 horas**.

ARTIGO 8 – Breakfast Run

Ao termo da carreira existirá un espazo acoutado próximo á zona de meta, onde os corredores e corredoras participantes, por medio da pulseira identificativa, poderán retirar o almorzo correspondente ao que terán dereito todos e todas as rexistradas.

ARTIGO 9 – Colocación previa

Os participantes deberán de colocarse na zona acoutada que lles corresponda na saída. Deberán de estar nos seus postos 10 minutos antes do disparo oficial de saída.

ARTIGO 10 – Descualificacións

Serán retirados da carreira os corredores/as que non respecten as indicacións da Policía Local, Protección Civil, servizos médicos ou membros da organización debidamente identificados.

ARTIGO 11 – Lopd

Todas as persoas corredoras, ao realizar a inscrición, aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet. Mediante a inscrición, o/a participante consente expresamente que os seus datos sexan utilizados polo Concello da Coruña e a Federación Galega de Atletismo para comunicacións sobre as súas actividades.

En todo caso, de conformidade co establecido polo artigo 5 da LOPD, infórmase de que os datos de carácter persoal declarados pasarán a formar parte do ficheiro denominado INSTALACIONES DEPORTIVAS, do que o responsable do tratamento será o Concello da Coruña, dos que as finalidades e usos previstos serán os seguintes: xestión centralizada das instalacións deportivas municipais, das actividades impartidas nelas e do uso de instalacións. Todas as persoas participantes ao realizaren a inscrición aceptan a publicación do seu nome e imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou internet.

Autorízase a tomar imaxes sempre que se utilicen para a promoción e difusión das devanditas actividades, así como á utilización do móbil e correo electrónico como forma de aviso e comunicación por parte do Servizo Municipal de Deportes. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición aos datos persoais rexistrados neste ficheiro poderanse exercer ante Rexistro Xeral do Concello da Coruña (pza. María Pita, 1) nos termos establecidos nos artigos 15, 16 e 17 da LOPD.

ARTIGO 12 – Seguro

A organización contratou un seguro de responsabilidade civil e accidentes para todos e todas as participantes.

ARTIGO 13: Compromiso

A inscrición na carreira implica a plena aceptación do presente regulamento.

ARTIGO 14: Cambios no regulamento

A organización resérvase o dereito de realizar algún cambio no presente regulamento se así o considerase, debendo comunicalo na web e na información ao participante.

ARTIGO 15 – Consideración final

Todo o non disposto neste regulamento resolverase segundo o criterio da organización.